Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

As pedras do Castrillón de Domiz

As pedras que están amontoadas no castro ou Castrillón de Domiz, en Carballeda de Valdeorras (Ourense) son as que lles tiraron os cristiáns aos mouros cando intentaban recuperar o castro. E unhas pedras fitas que hai nos arredores tamén as puxeron os cristiáns para que se esnafrasen os cabalos dos mouros.
E no camiño a Bulfar, entre Domiz e Candeda, vense nalgunhas pedras as pegadas dos cabalos dos mouros.

BIBLIOGRAFÍA

REAL MORAL , Ana; Lendas e restos arqueolóxicos, en O Sil (http://www.www.osil.info), 13 de xaneiro de 2003.

COMENTARIOS ENVIADOS

Hola boas eu son de Domiz, bueno máis ben miña nai, algo coñecia desta historia e é unha ledicia encontrala publicada. Xa fai anos tamén encontrara unha publicación que dicía que os vecinos do pobo foran excomulgados polo Papá xa non lembro se no século XVIII o non aceptar o crego ou algo así. Sónache. Un saúdo

Enviado por Jonatan o 16/10/2019 ás 13:57:26